


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

13-14 de abril do 2024

## III SEMANA DO TEMPO DA PASCUA



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19  
**E SEMPRE SEMENTANDO PAZ**



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 1 A Cristo cantamos*

#### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Como fai oito días compartimos con Xesús a mesa; e a nosa vida cambia. El achégase e saúdanos con PAZ e a nosa vida cambia, porque a súa paz é o convencemento fondo sobre o que asentar o noso comportamento cada día, a súa paz é un xeito de estar no mundo, tamén no medio dos inevitables conflitos da condición humana, e dicimos isto tendo moi en conta que na actualidade, no mundo, hai recoñecidas case 60 guerras.

Pascua quere ser unha invitación a paz como saúdo de Xesús Resucitado, paz entre nós os que compartimos a súa mesa, paz coa humanidade doente que busca respecto na vida, paz coa comunidade crente que soña camiños de irmandade, e paz cos que comparten o que teñen para comer e vivir.

Que a celebración que agora comezamos sexa para nós seguir vivindo a Pascua no camiño da PAZ de Cristo.

🎵 *nº 1 A Cristo cantamos*

## ACOLLIDA DA AUGA

**Celebrante:** Fixemos memoria do noso bautismo na celebración da vixilia pascual. Alí compartíamos a auga de toda a comunidade dos Cotos, e agora aquí ante a auga de vida que nos une en parroquia, queremos lembrar os compromisos, queremos sentirnos confiados en Deus, queremos ser exemplo de optimismo e ilusión, queremos agradecer a vida coa que Deus nos agasalla.

### 🎵 n° 2 *Ide e pegoade*

**Celebrante:** *Damos grazas dicindo:*

BENDITO SEXAS POR SEMPRE SEÑOR

*Monitor/a*

- \* Deus creador de todas as cousas, que pola auga e o espírito, nos fixeches renacer á vida do evanxeo
- \* Xesús, Ti que convidaches á primeira comunidade a ser testemuña anunciando o evanxeo a todas as xentes
- \* Espírito Santo, que fas renacer á Igrexa polo alento da Pascua, e que nos convidas a ser auga viva

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración presentando o que rebule no noso interior. Facémolo agradecidos por poder compartir a Pascua.*

### 🎵 n° 3 *Gloria a Deus*

**Celebrante:** Deus de agarimo e misericordia, alegrámonos sempre coma pobo ao vernos anovados e rexuvenecidos na vida da Pascua.

Agora sentíndonos cheos de paz por ter recobrada a dignidade de fillos e fillas, podemos agardar con esperanza certa o día glorioso da nosa resurrección, pois xa estamos a participar da Pascua de Cristo, que Resucitado vive e reina por sempre eternamente. Amén.

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

**Celebrante:** *Nestes días da pascua somos invitados a superar as dúbidas e medos. Os textos que agora proclamamos vannos amosando a necesidade de facer as cousas mellor.*

*Coma cristiáns estamos convidados a deixarnos levar da man do Resucitado, sendo testemuñas da Boa Nova: é Pascua, e Cristo faise vivo no medio de nós para facernos testemuñas da súa PAZ. Escoitemos.*

Leccionario B páx 137 **Fei 3,13-15.17-19** LECTURA

## LECTURA DO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Daquela díxolle Pedro ao pobo:

O Deus de Abraham, de Isaac e de Xacob, o Deus de nosos pais, glorificou ao seu servo Xesús, a quen vós entregastes e negastes diante de Pilato, cando este estaba decidido a deixalo en liberdade. Pero vós rexeitastes o Santo e o Xusto; pedistes que indultasen a un asasino, mentres que matastes ao dono da vida, a quen Deus resucitou de entre os mortos; disto nós somos testemuñas.

Xa sei, irmáns, que obrastes por ignorancia, como tamén as vosas autoridades; pero Deus cumpriu así o que anunciara por boca dos profetas: que o seu Cristo padecería. Arrepentídevos, logo, e convertédevos, para que se borren os vosos pecados.

### Palabra do Señor

🎵 *nº 5 Todo o mundo unha familia* SALMO

*((en pé) Leccionario B páx 138 Lc 24,35-48 EVANXEO*

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela os discípulos de Xesús contaron o que lles pasara polo camiño, e como o recoñeceran no partir o pan.

Estando eles comentando estas cousas, presentóuselles Xesús no medio e díxolles:

- ¡A paz sexa convosco!

Sobresaltados e cheos de medo, coidaban contemplar un espírito. Pero el díxolles:

- Por que estades asustados, e a que veñen esas dúbidas? Mirade para as miñas mans e para os meus pés: sonvos eu. Palpade aquí e decatádevos de que un espírito non ten carne nin ósos, como vedes que teño eu.

E dicindo isto, mostroulles as mans e mailos pés. Pero eles, tolos de contento e sen saíren do seu asombro, non acababan de crer. Xesús preguntoulles:

- Tedes por aí algo que comer?

Déronlle un anaco de peixe asado. El colleuno e comeuno diante deles. Logo díxolles:

- A isto referíame eu cando, estando aínda convosco, vos dicía que conviña que se cumprise todo o que está escrito na Lei de Moisés, nos Profetas e máis nos Salmos acerca de min.

E abriu os seus entendementos para que comprendesen as Escrituras. E engadiu:

- Así está escrito: o Mesías padecerá e resucitará de entre os mortos no terceiro día, e predicarase no seu nome a conversión e mailo perdón dos pecados a todos os pobos, empezando por Xerusalén. Vós seredes testemuñas de todo isto.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



## RENUNCIAMOS AO MAL

*Celebrante* Neste tempo da Pascua, deixándonos alumar pola luz da fe que recibimos no bautismo, renovamos os nosos compromisos na loita contra o mal porque queremos facelo mellor.

*Dicimos SI RENUNCIAMOS*

*Monitor/a*

○ Renunciades a cervos superiores aos outros; isto é: a calquera clase de abuso, discriminación, orgullo, egoísmo e desprezo?

**Si, renunciemos**

○ Renunciades a calar diante das inxustizas e as necesidades das persoas e dos pobos, por covardía, preguiza, comodidade e vantaxes persoais?

**Si, renunciemos**

○ Renunciades aos criterios e comportamentos que fan do diñeiro a aspiración máis grande da vida, que poñen o pracer por enriba de todo, e que aprecian a liberdade persoal por enriba da responsabilidade social?

**Si, renunciemos**

## PROFESIÓN DA FE

*Celebrante* Neste tempo da Pascua, deixándonos quecer á beira do RESUCITADO compartimos o credo dicindo **SI CREEMOS**

*Monitor/a:*

Credes en Deus,

Pai e Nai de todos os homes e mulleres, que nos agarima nas súas mans e nos acolle no seu corazón?

**SI CREEMOS**

Credes en Xesús Cristo, o seu fillo benquerido, sempre atento para dar unha man, e que nos quere vivos e dando vida á Pascua?

**SI CREEMOS**

Credes no Espírito de Deus,

que nos alenta esperanza para soñar irmandade, que nos alenta forza para escandalizarnos ante a guerra, que nos alenta paz para sementala por toda a Terra?.

**SI CREEMOS**

Credes na Igrexa,

unha Igrexa que se fai crible en comunidade, acolledora, respectuosa e coidadora da terra e de todos os homes e mulleres que na vida se sinten inxustamente tratados?

**SI CREEMOS**



## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Irmáns e irmás, invoquemos agora a Cristo que nos convoca a amar a todos dando vida como El nola deu a nós na Resurrección; oremos dicindo*  
**SEÑOR DA VIDA, ESCOITA A NOSA ORACIÓN**

**Monitor/a:**

- ✓ Pola Igrexa, para que vivamos a Pascua dende unha actitude de achegamento, diálogo e respecto, valorando sempre o positivo de todas as persoas. Oremos
- ✓ Pola nosa comunidade, que sexamos xentes de paz, sementadores de esperanza, e así sermos quen de mostrar o amor de Deus con palabras e con feitos cribles. Oremos
- ✓ Por todos nós, para que sexamos xentes de optimismo e de esperanza no medio dun mundo ferido de violencia e desesperación. Oremos
- ✓ Por todos nós, para que descubramos ao compartir a mesa do resucitado a alegría da vida nova. Oremos
- ✓ Pola nosa comunidade de Os Cotos, para que esta Pascua nos alente para ser igrexa festiva e anunciadora de PAZ. Oremos

**Celebrante:** *Señor Xesús, que saibamos recoñecerte na asemblea dos irmáns e irmás, pedímoscho a ti que vives e reinas Resucitado por sempre eternamente. Amén*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** *O Noso Pai, co que imos orar agora achéganos Deus, e El acóllenos, El conta con nós, El espera de nós o mellor para cada día. Da man do seu fillo Xesús, rezamos como nos aprendeu:*

*NOSO PAI ...*

### SIGNO DA PAZ

**Celebrante:** *O camiño da vida descóbrenos como camiño para toparnos con Cristo Resucitado, que nos saúda coa paz. A sinceridade do noso xesto dará a medida da calidade do noso encontro con Deus.*

*Démonos a paz coma irmáns, nun berro calado por todas as persoas que non poden hoxe vivir en paz.*

### COMUÑÓN

**Celebrante:** *Pola man dos apóstolos facíanse moitos signos e aquela primeira comunidade botaba a andar. Nós compartimos unha mesa en comunidade como signo dunha vida toda ela compartida, no que temos, no que somos, no que amamos, no que valem. Ditosos nós convidados a esta festa da Pascua do Señor.*

**Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar**

**♪ nº 9 Acharte presente na vida**

#### 4.- AVISOS E DESPEDIDA

##### ORACIÓN FINAL

###### *Celebrante:*

Pai santo, estamos compartindo o camiño do teu fillo Xesús. El quere ser compañeiro de viaxe, e quérenos dando razón da nosa esperanza a todos os que nos atopemos nos carreiros da vida, xa sexa nos días escuros ou nos cheos de luz. Pai, Non nos deixes da túa man, pedímoscho por Cristo noso Señor. Amén

*Con Xesús Resucitado queremos poñer LUZ de vida na nosa comunidade, no noso rural, coas nosas xentes.*

*Con Xesús Resucitado queremos ser AUGA viva que farta as sedes de PAZ de todas as persoas que malviven na violencia.*

*Con Xesús Resucitado queremos ser PAN compartido arredor da mesa que nos fai comunidade, facéndonos cribles en Os Cotos para toda a Igrexa.*


*Avísase das misas (ver folla do mes)*

*Que teñamos un bo día, unha boa PASCUA  
e o Señor da paz, o Resucitado, nos bendiga †  
nos garde de todo mal  
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*

# ALELUIA !!

## “CRISTO ESTÁ RESUCITADO”

UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS



FELICES FESTAS DA PASCUA